



## COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

O 3 de agosto, na cidade da Prata, Arxentina, unha moza de 15 anos sacou un revólver na clase e disparou un tiro á súa cabeza. Morreu catro días despois. Deixou unha nota aos seus compañeiros: “*Chau, merdas, deixo un xogo na mochila. O que o atope queda con el*”. O xogo era *Metal Gear Solid 5 GroundZeroes*. Hai unha serie chamada *13 reasons why*. Conta a historia dunha adolescente que se suicida e deixa, gravadas, 13 razóns polas cales o fai. A serie ten problemas —de guión, de verosimilitude—, pero ten éxito reconstruíndo a soidade e a incomprensión que, como lentes de aumento, axigantan situacións —desenganos, burlas, brutalidade entre pares, indiferenza dos pais— e vólvenas insopportables. Pregunteille a un coñecido se a viu. Díxome: ‘Non! É para adolescentes’. Resulta curiosa a forma en que os adultos falamos de “os adolescentes” como quen di “os marcianos” ou “esa xentuza”. Ás veces penso que é debido á tensión posttraumática: todos pasamos por esa etapa de desgraza fantástica e case ningúén quere volver. A revista *Time* publicou que en 2015 tres millóns de adolescentes tiveron un episodio depresivo grave en Estados Unidos. Na Arxentina, o Ministerio de Saúde indica que das 6.500 mortes que se producen por ano entre persoas de 15 a 24 case 1.000 son suicidios. Segundo datos de 2017 da OMS, o suicidio é a terceira causa de mortalidade de adolescentes no mundo, a primeira en Europa, e a taxa sobe ano tras ano. Mientras iso pasa, os adultos seguimos convencidos de que a soidade, a incomprensión e o baleiro que ás veces sobreveñen nesa etapa non son problemas da condición humana, senón “cousas de adolescentes”. Como quen amenta —que alivio!— unha peste con data de caducidade.

Leila Guerriero (*El País*, 23 de setembro de 2017, adaptado ó galego)

1. Indique, nunha frase de non máis de 25 palabras, cal é o tema principal que se trata no texto. [2 puntos]
2. Resuma, nunha extensión aproximada de 150 palabras, o contido do texto, reflectindo as ideas principais e secundarias deste. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico no que exprese a súa opinión sobre o contido do texto, manifestando, de forma argumentada e razonada, o seu acordo ou desacordo coas ideas que nel se expresan. [6 puntos]